

Masóns, rosacruces...

Pensamento galego libre

ESTRO MONTAÑA

Galicia heterodoxa é un volume escrito polo venerable mestre da loxa Renacimiento da Coruña, Carlos Pereira Martínez. Trátase dun suxestivo monllo de investigacións referidas á actividade masónica en Galicia ata 1936, pero tamén da historia dos rosacruces, librepensadores, movementos laicistas, da liga española dos dereitos do home, das feministas sociais, do grupo teosófico Marco Aurelio e dos membros do Rotary Club.

A masonería galega defendeu as ideas da revolución francesa e amosou posturas republicanas, galeguistas, e laicistas. Fomentou a creación de Escolas Laicas e Sociedades de Librepensadores (como Antorcha Galaica), e masóns como Curros Enríquez, Fontela Leal, Luguís Freire e Uxío Carré Aldao colaboraron coa Academia Galega.

O libro detalla a actividade xornalística da masonería galega, a súa participación en sociedades cívicas, e os membros (mesmo mulleres) das loxas máis importantes, incluída a "Antolín Faraldo" de Bos Aires, á que pertenceron Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Gumersindo Sánchez Guisande (médico que atendeu a Castelao), Elpidio Villaverde, Blanco Amor (pouco tempo)...

Un dos capítulos estuda as feministas e librepensadoras que reclamaron dereitos civís como o da educación e do traballo, entre elas Concepción Arenal, Pardo Bazán ou a mestra M^a Barbeito Hermosilla.

O autor aporta cartas inéditas de Risco, onde expón a súa proximidade aos movementos teosóficos, pero tamén a súa negativa a asociarse a eles xa que "podría constituir un peligro para mi carrera y mi porvenir" e quedar inhabilitado "para conseguir cátedras por oposición, pensiones al extranjero, bombos en la prensa y verbales del mundo intelectual".

Conclúe coa presenza no movemento rotario de persoeiros como o arquitecto Gómez Román, o conserveiro Gaspar Massó ou o cirurxián José Troncoso, de Vigo.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos, *Galicia hetedoroxa*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2010, PVP 13 €

